

## **PROGRAMA DE VERÁN 2005** **5, 6, 7, 8 e 9 de setembro *Escola de Verán***

A proposta de actividades da Escola de Verán constitúe unha oferta para o ocio e o tempo libre da cidadanía máis nova, nunhas datas en que as familias demandan novas propostas de dinamización para os seus fillos e fillas.

Esta iniciativa tenta rendibilizar os equipamentos escolares como un espazo de aprendizaxe no tempo de verán, onde os nenos e as nenas poidan expresarse libremente, relacionarse e compartir.

Entre os obxectivos que se pretenden alcanzar con esta proposta, destacamos:

### **OBXECTIVOS**

- ✍ Ofrecer un espazo de encontro e de lecer para os rapaces e rapazas cunha oferta pensada especialmente para eles/as e para as familias, neste tempo de vacacións. Os centros de ensino constitúen un referente idóneo para a posta en marcha do programa, polas seu equipamento, pola distribución territorial e pola súa seguridade.
- ✍ Promover a sensibilidade artística dos nenos e nenas, potenciando o desenvolvemento imaxinativo e creativo.
- ✍ Descubrir as posibilidades educativas da cidade e aproveitar os recursos que esta nos proporciona, que leva á promoción do tempo libre con xogos e con actividades de utilización didáctica da cidade, dos seus equipamentos, das súas rúas, prazas e parques como espazos axeitados para esta experimentación e como lugares de encontro, interrelación, liberdade e creatividade, na perspectiva da consecución da cidade educadora.

### **TIPO DE ACTIVIDADES**

En función do número de participantes, configúranse dúas propostas diferenciadas e complementarias:

**Módulo A:** de estrutura fixa, na que se definen espazos arredor de obradoiros especializados en:

- *Obradoiro de educación ambiental:* co obxectivo de fomentar prácticas e comportamentos ambientais, organízanse diferentes propostas prácticas co a reciclaxe, os roteiros por zonas de interese, etc.
- *Barro:* aproximación ás técnicas de modelado en barro e a elaboración de pezas elementais.
- *Cociña:* na que poderán aprender e realizar sobremesas frías, ensaladas, batidos, bocadillos, pan e pastas, entre outros.
- *Artes plásticas:* a pintura, o debuxo, o papel *maché*, entre outras, son as diferentes técnicas empregadas neste espazo de expresión artística que contribúe a desenvolver a sensibilidade estética.

**Módulo B:** ademais destes centros de interese, complétase a proposta coas seguintes actividades:

- Itinerarios pola cidade e comarca :a Alameda, o Carme de Abaixo, o río Sarela, os arredores de cada centro de ensino, son espazos para gozar e de aprendizaxe medioambiental.
- Grandes-xogos e actividades deportivas, nas que terán a oportunidade de perfeccionar a súa habilidade e a súa técnica en deportes e iniciarse noutros máis novidosos.
- Xogos populares e tradicionais: a corda, o trompo, o aro, o diábolo, entre outros, permitirán o entretemento e a recuperación destes xogos tradicionais.

## **CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN**

1. Poderá participar calquer neno ou nena con idade comprendida entre os 6 e os 12 anos. Os/as nenos/as de 5 anos, poderán participar na Escola de Verán sempre e cando un/unha irmán/á tamén estea inscrito/a e asista ás actividades diarias do centro ou naqueles casos, nos que a organización da Escola de Verán decida a habilitación dun espazo para estes nenos/as.
2. Para poder participar no programa é obrigatorio cubrir a ficha de participación, que deberá entregarse cuberta no espazo de recepción o mesmo día no que asistan ás actividades. Naqueles casos nos que participen de forma continuada nun mesmo centro, cada día deberá amosar o carné e indicar a persoa responsable de recoller ao menor.
3. A participación na Escola de Verán é de balde e de libre elección; é dicir, pódese participar na programación completa e diaria dun centro ou ben en talleres concretos.

4. As actividades darán comezo ás 9.30 h. e finalizarán ás 13.30 h, polo que a responsabilidade do control e coidado dos participantes polos monitores/as responsábeis, comprenderá esa franxa horaria.
5. A inscrición no programa supón a aceptación e o compromiso destas normas.

## DATOS TÉCNICOS

- ✍ **Datas e espazo de celebración:** 5, 6, 7, 8 e 9 de setembro no CEIP Quiroga Palacios, Monte dos Postes, Pío XII e Colexiata de Sar.
- ✍ **Horario:** de 9.30 h. á 13.30 h.
- ✍ **¿A quen se dirixe?** a nenos e nenas de entre 6 e os 12 anos.
- ✍ **¿Quen fai a actividade:** monitoras e monitores das asociacións e colectivos con experiencia como dinamizadores sociais:
  - Centro Don Bosco
  - Asociación Xuvenil de Cruz Vermella
  - Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)

## INSCRIPCIÓN

- ✍ **Prezo da actividade:** de balde.
- ✍ **Formalización da inscrición:** entregar cuberta a ficha de solicitude de participación no espazo de recepción o mesmo día que asistan a actividade.
- ✍ **Información:** Departamento de Educación e Mocidade.  
Tfnos.: 981 554 400/554 401. Fax: 981 571 511  
[dptoeducacion@aytocompostela.es](mailto:dptoeducacion@aytocompostela.es)  
[www.educacompostela.com](http://www.educacompostela.com)